



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE XERACIÓN DE COÑECEMENTO SOBRE AS NECESIDADES DE FORMACIÓN NO MERCADO LABORAL, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha banda, M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), segundo o acordo de nomeamento do Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro, da Xunta de Galicia (DOG nº 7 do 13/01/2020), en representación desta e en virtude das facultades que lle confire o artigo 36.1.f) dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG nº 100 do 26 de maio de 2004) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, (DOG nº 201 do 17 de outubro).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas





## EXPOÑEN

**Primeiro.-** A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación ten, entre outras, as competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de cualificación profesional, promoción da empregabilidade e formación profesional para o emprego.

De conformidade co exposto, correspóndelle a esta consellería a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego e entre as que están as medidas dirixidas a responder ás necesidades de formación e cualificación das persoas co fin de promover a aprendizaxe ao longo da vida, a promover unha oferta formativa de acordo coas necesidades dun mercado laboral cambiante axustando mellor as competencias e facilitando as transicións laborais, a mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas e ocupadas, ao mantemento do emprego e a progresión profesional das persoas ocupadas mediante a mellora e a actualización das súas cualificacións, no marco da Estratexia europea para o emprego, do Programa nacional de reformas, do respectivo Plan anual de política de emprego (PAPE) e no eido da colaboración institucional.

**Segundo.-** O artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece como un dos principios xerais de actuación das Administracións públicas, o principio de cooperación, colaboración e coordinación e, a propia lei, regula no capítulo VI do título preliminar o convenio como instrumento con efectos xurídicos para a formalización de acordos entre Administracións cun propósito común.

**Terceiro.-** En Galicia, a universidade pública é un polo fundamental de investigación e o impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade polo que é preciso promover unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos. Deste xeito, a UDC, de acordo cos seus estatutos, ten entre os seus fins a difusión, a valoración e a transferencia do coñecemento ao servizo do desenvolvemento económico así como o apoio científico e técnico a ese desenvolvemento. Conta ademais con centros de investigación avanzada con especialización nas áreas TIC,





biotecnolóxica, medioambiental e de materiais, edificación e obra civil e industrial e politécnica, e con tres campus de especialización interdisciplinares adicados aos ámbitos industrial, innovador e de sustentabilidade.

**Cuarto.-** No marco das competencias sinaladas no apartado primeiro deste convenio e conscientes dos retos inmediatos que o mercado laboral ten que afrontar un dos prioritarios é a cualificación e recualificación profesional das persoas, que permita abordar os procesos de transformación que se están producindo e que implican a transformación dalgúns postos de traballo. Neste sentido, o Estudo de tecnoloxías emerxentes para a transformación do emprego elaborado pola Consellería de Emprego e Igualdade, coa finalidade de anticiparse as consecuencias e efectos que van supoñer os cambios que os procesos de transformación van supoñer no mercado laboral e, polo tanto, na vida diaria das persoas traballadoras e das empresas, amosa nos seus resultados que se advirte a existencia dun déficit de persoas cualificadas nas novas tecnoloxías, o que fai necesario actuar en varios ámbitos, sendo un deles o da formación, sobre todo no que atinxe a dar resposta ao cambio na demanda de competencias e cualificacións que vai ter que afrontar o emprego nos próximos anos.

O estudo realizou unha detección e análise de necesidades formativas baseadas na implantación de 14 tecnoloxías emerxentes, especialmente potenciadas polo efecto da COVID-19, para tratar de prever os futuros requirimentos formativos que serán demandados desde o noso mercado de traballo nun total de 15 sectores produtivos.

**Quinto.-** A Consellería de Emprego e Igualdade e a UDC asinaron con data 17 de xaneiro de 2022 un protocolo de colaboración que ten entre os seus obxectivos fomentar o intercambio de experiencias nos campos da formación dentro das áreas que a Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade e a UDC teñen interese manifesto.

Entre as modalidades de colaboración que se recollen na cláusula segunda do dito Protocolo están a de favorecer a participación en proxectos e programas de investigación





que sexan de interese para ambas partes así como tamén o asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coa actividade de ambas entidades.

Na súa cláusula terceira establécese que a execución das modalidades de colaboración será obxecto de convenios de colaboración entre ambas partes nos que constarán o motivo da colaboración, o plan de traballo, os participantes e o financiamento, no seu caso e os ditos convenios serán incorporados como addendas ao Protocolo.

**Sexto.-** En consecuencia coas cláusulas anteriores a colaboración entre as partes deste convenio responde ao interese común da necesidade de aumentar o coñecemento sobre as necesidades formativas que demandan os sectores produtivos que conforman o mercado laboral e proporcionar os contidos para a implementación dos programas formativos que por parte tanto da administración autonómica como das entidades contribúan a dar resposta a eses retos de cualificación e recualificación da poboación activa.

Con esta colaboración preténdese tamén que as empresas se poidan beneficiar do coñecemento xerado e lles axude a anticiparse aos cambios tecnolóxicos e produtivos e ao impacto que isto xera no que atinxe ás carencias de formación do seu persoal así como a implantar con maior facilidade aquelas accións formativas que se axusten as súas necesidades e demandas de cualificación e recualificación, contribuíndo ao desenvolvemento profesional das persoas traballadoras e aumentar a innovación e produtividade das empresas.

**Sétimo.-** O Consello Europeo aprobou o pasado 21 de xullo de 2020 o instrumento financeiro Next Generation EU, que inclúe como elemento central, un Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, permitindo levar a cabo reformas tanto a nivel nacional como en cogobernanza coas comunidades autónomas con competencias transferidas.





En liña co anterior, o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021 aprobou o Proxecto de Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España e este foi aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021.

**Oitavo.-** O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia contempla catro eixos e dentro do eixo de promoción da cohesión social e territorial en España, inclúense unha serie de medidas dirixidas a impulsar o emprego de calidade. A política panca VIII engloba a nova economía dos coidados e políticas de emprego que ten, entre as súas finalidades, a mellora do funcionamento do mercado laboral e para acadalo conta co compoñente 23 “Novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo” co que se tratará de corrixir os desequilibrios que afectan ao mercado laboral español desde fai anos; entre as inversións dese compoñente 23 está a inversión 3 denominada “Adquisición de novas competencias para a transformación dixital e produtiva. Detección de necesidades formativas”

**Noveno.-** O Consello de Ministros, na súa reunión do 6 de xullo de 2021, autorizou os criterios de distribución de fondos para o exercicio orzamentario 2021, dos créditos xestionados polas comunidades autónomas con competencias estatutariamente asumidas no ámbito das políticas activas de emprego, con cargo ao orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal, para o exercicio orzamentario 2021, para o ser sometido á Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, para o financiamento de proxectos de inversión no marco dos compoñentes 19 e 23.

Na sesión da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais celebrada o día 21 de xullo de 2021, aprobáronse os criterios de distribución territorial dos créditos do exercicio 2021 destinados á execución dos proxectos de inversión no marco dos compoñentes 19 e 23.

Por Resolución do 1 de setembro de 2021 da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, distribuíronse territorialmente para o exercicio económico 2021, para a súa xestión polas Comunidades Autónomas con competencias asumidas no ámbito





laboral, os créditos financiados co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, destinados a execución de proxectos de inversión no marco dos compoñentes 19 “Plan nacional de competencias dixitais” e 23 “Novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo” recollidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

**Décimo.-** Dado o carácter singular das actuacións que se van desenvolver en base a razóns de interese social e ao interese prioritario de establecer unha colaboración o máis estreita posible entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a UDC para o desenvolvemento dalgunhas das medidas previstas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que corresponde executar á Comunidade Autónoma de Galicia, neste caso, “Novas competencias para a transformación dixital e produtiva. Detección de necesidades formativas”, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública para os efectos da subscrición deste convenio, pois a UDC resulta un axente idóneo tanto pola dispoñibilidade do coñecemento dos equipos docentes e investigadores que a integran como pola súa capacidade investigadora e divulgativa, nomeadamente naqueles sectores analizados no Estudo de Tecnoloxías emerxentes para a transformación do emprego elaborado pola Consellería de Emprego e Igualdade e que teñen presenza na oferta de formación dos campus que integran a UDC.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto do convenio

1. O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a UDC e a Consellería de Emprego e Igualdade para a realización do proxecto de investigación e xeración de coñecemento sobre as necesidades de formación no mercado laboral e elaboración dos contidos formativos/programas formativos/plans de formación





para actualizar e axeitar a oferta de formación para o emprego e co obxectivo conxunto de mellorar as competencias profesionais da poboación activa.

2. Para eses efectos a Consellería de Emprego e Igualdade porá a disposición da UDC os resultados obtidos no marco do Estudo de tecnoloxías emerxentes de formación para o emprego que inclúe a análise da situación laboral dos sectores analizados no que atinxe ás características que as ofertas de emprego están demandando para cubrir eses postos, e pola súa parte a UDC, logo do estudo e análise desas conclusións, deseñará e elaborará as correspondentes fichas de especialidades formativas que se deriven dos contidos xerados coa finalidade da súa proposta de incorporación ao Catálogo de especialidades do Servizo Público de Emprego Estatal e que polo tanto deberán comprender todos os contidos requiridos para poder proceder á súa solicitude de alta.

Así mesmo a UDC, en base as conclusións do dito estudo, elaborará os contidos formativos necesarios para o deseño dos plans de formación que se porán a disposición dos sectores produtivos.

Para os efectos do previsto nesta cláusula inclúese como anexo deste convenio, a proposta de especialidades que incluirán os compromisos adquiridos neste convenio de colaboración.

## **Segunda.- Compromisos das partes**

A UDC comprométese a utilizar os medios materiais e persoais que resulten necesarios para desenvolver o obxecto do convenio así como a realizar as accións dese obxecto en base ao coñecemento proporcionado polo Estudo de tecnoloxías emerxentes de formación para o emprego elaborado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

En consecuencia a UDC, en base á análise da información facilitada pola Consellería de Emprego e Igualdade, elaborará os informes correspondentes ás especialidades que se recollen no anexo deste convenio e nos prazos de entrega que nel se establecen.





A Consellería de Emprego e Igualdade, ademais de facilitar as conclusións do Estudo de tecnoloxías emerxentes de formación para o emprego, colaborará no financiamento dos gastos derivados deste programa de conformidade co establecido na cláusula cuarta e facilitará información e asesoramento sobre o modelo de ficha necesario para proceder a alta correspondente no catálogo de especialidades do Servizo Público de Emprego Estatal.

### **Terceira.- Marco normativo específico de aplicación ao Convenio relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.**

O marco normativo básico reitor deste instrumento, sen prexuízo da normativa en materia de subvencións, e de xeito específico no relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation, ven representado polas seguintes disposicións:

**Regulamento (UE) 2020/2094**, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19

**Regulamento (UE) 2021/241**, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)

**Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)** de España (aprobado o 16/06/2021 por Decisión do Consello de Europa)

**Real decreto lei 36/2020**, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR

**Lei 9/2021**, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia





**Orde HFP/1030/2021**, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR

**Orde HFP/1031/2021**, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

### **Cuarta.- Financiamento**

1. A Consellería de Emprego e Igualdade achegará a cantidade total de 57.776,00 euros (55.776,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 11.05.323A.227.06 (código de proxecto 2022 00093) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento do obxecto do Convenio e no marco do *"Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU"*.
2. Do orzamento global establecido no apartado primeiro desta cláusula, establécese un importe unitario de 3.203 euros que comprende a elaboración e xestión procedemental, para a súa alta no catálogo de especialidades correspondente, das vinte e seis fichas das especialidades formativas correspondentes ás propostas formativas así como a elaboración dos contidos formativos desas propostas de formación e que suporán a entrega dos informes correspondentes a cada unha delas, tanto en formato editable como en pdf, así como en contidos para plataforma web, nos idiomas galego e castelán.
3. O prazo de entrega dos traballos responderá ao seguinte cronograma e segundo o anexo do presente convenio; este anexo poderá ser obxecto de revisión para axustarse ao desenvolvemento do ritmo dos traballos previo acordo da Comisión de seguimento prevista na cláusula décimo segunda do presente convenio e respectando sempre a data límite do 15 decembro de 2022.

### **Quinta.- Xustificación dos gastos e pagamento**





1. Para o pagamento a UDC achegará antes do 15 de decembro de 2022 a seguinte documentación:

a) Certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a ese fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.

b) Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desagregar de forma individualizada por cada un dos informes e das fichas realizadas, os conceptos dos gastos, os períodos nos que se realizaron, os pagamentos realizados, así como calquera outra información que se considere relevante. En todo caso a UDC deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias, ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento no que esta lle sexa requirida.

c) Evidencias xustificativas do proceso para a alta das especialidades formativas no Catálogo de especialidades do Servizo Público de Emprego Estatal.

d) Calquera outra documentación xustificativa ou informes que, de acordo coa normativa nacional ou europea, resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación.

2. A xustificación presentarase por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e incluírá a seguinte documentación que deberá presentar a UDC para xustificar os obxectivos e fitos obxecto deste convenio.





3. O persoal técnico da Dirección Xeral de Formación e Colocación realizará a correspondente comprobación técnico-económica.

Unha vez comprobado que a realización dos traballos incluídos na factura/as presentada/as é acorde coa planificación prevista, expedirase certificado acreditativo da verificación realizada e tramitaranse os pagamentos correspondentes.

### **Sexta .- Pagamentos anticipados e liquidación**

Logo da sinatura do convenio, poderán realizarse pagamentos anticipados por un importe de ata o 50% correspondente a cada anualidade. Os anticipos deberán ser solicitados pola UDC xunto coa seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento anticipado.

- Declaración responsable segundo o previsto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 10, 11 e 12 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de que a entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Respecto da liquidación, con data límite do 15 de decembro de 2022, a UDC presentará a xustificación das accións realizadas mediante a documentación e cos requisitos recollidos na cláusula sexta e, unha vez comprobada, aboaráselle a liquidación que proceda.

### **Sétima.- Obrigas das partes**

1. A UDC está obrigada a:

a) Desenvolver as actuacións recollidas neste convenio e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade prevista.





b) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Emprego e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia, ou o Estado). Singularmente e atendendo ao seu financiamento, resulta aplicable o artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 conforme ao cal os *perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe desta financiamento e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuada que indique “financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.*

c) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que implican as actuacións derivadas da execución do convenio e, en consecuencia, achegar a declaración responsable ou certificacións acreditativas de estar ao día e no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

d) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Consellería de Emprego e Igualdade.

e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control; así como das instancias comunitarias competentes a efectos dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

f) Conservar a documentación xustificativa da aplicación dos fondos percibidos durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación (artigo





22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, que remite ao respecto ao disposto no artigo 132 do Regulamento Financeiro).

g) Presentar, antes da sinatura deste convenio, e tamén coa xustificación da realización das actividades obxecto do mesmo, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10, 11 e 13 do Regulamento da citada lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

h) Reintegrar a contía percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas no convenio para a súa percepción.

i) Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigada a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Consellería de Emprego e Igualdade.

De acordo co previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 e no Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos, a administración comprométese a garantir o cumprimento do principio de "non causar dano significativo" (principio "do no significant harm – DNSH") e o relativo a etiquetaxe verde e dixital.

En relación co cumprimento do principio de "non causar dano significativo", o beneficiario da subvención deberá achegar unha declaración responsable segundo o modelo do





cuestionario de autoavaliación que se atopa no seguinte enderezo do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o reto demográfico: [https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/recuperacion-transformacionresiliencia/transicion-verde/cuestionariodnshmitecov20\\_tcm30-529213.pdf](https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/recuperacion-transformacionresiliencia/transicion-verde/cuestionariodnshmitecov20_tcm30-529213.pdf), e seguindo ás directrices recollidas na Comunicación da Comisión Europea (2021/ C 58/01), «Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia» .

Así mesmo, a UDC deberá contribuír aos obxectivos de soberanía dixital e autonomía estratéxica da Unión Europea, así como garantir a cadea de subministro tendo en conta o contexto internacional e a dispoñibilidade de calquera compoñente ou subsistema tecnolóxico que poida formar parte da solución, mediante a adquisición, cando proceda, de equipos, compoñentes, integracións de sistemas e software asociado a provedores sitos na Unión Europea.

2. A Consellería de Emprego e Igualdade comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas polo importe establecido na cláusula cuarta, así como a facilitar aquela documentación da que dispoña que poida ser de interese á UDC para o desenvolvemento do proxecto.

3. Así mesmo, en orde a dar cumprimento a obriga de prevención, detección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses como refire o artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 conforme ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro do 2021, en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea, sublíñase a existencia da canle de denuncias do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA), que resulta aplicable para todo proxecto ou operación financiado total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea (<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>), como sinala a





Comunicación 1/2017, de 6 de abril, do dito Servizo co obxectivo de que calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, podan poñelos en coñecemento do devandito Servizo.

Conforme ao artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, os proxectos financiados polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia poden recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo que os que xa financie a subvención deste programa. O beneficiario deberá comunicar á Administración que conceda a subvención a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade sen incorrer en dobre financiamento sobre o mesmo custo, procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais.

#### **Oitava.- Disponibilidade dos resultados e conclusións das actuacións realizadas.**

Os diversos datos, análises, estudos estatísticos e participativos e as conclusións e determinacións orientativas resultantes en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común polas partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante a Consellería, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.





## **Novena.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Emprego e Igualdade ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

## **Décima.- Resolución do convenio**

Serán causas de resolución do Convenio, as seguintes:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- As modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería de Emprego e Igualdade.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Ademais disto, o incumprimento total dos fins do convenio, a non realización das actividades previstas ou o incumprimento da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da contía xa percibida.

Calquera outro incumprimento parcial dos fins do convenio ou da obriga de xustificación, dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro ao Tesouro da Xunta de Galicia das contías xa aboadas na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.





Toda alteración das condicións tidas en conta para a subscripción do convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía contemplada no presente convenio.

### **Décimo primeira.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión paritaria de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Emprego e Igualdade, por tres persoas funcionarias da Dirección Xeral de Formación e Colocación das que unha actuará como presidenta, e tres persoas por parte da UDC.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **Décimo segunda.- Coordinación das actuacións**

Para acadar os obxectivos previstos no presente convenio, a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade da UDC será a unidade encargada de coordinar os traballos correspondentes ás actuacións previstas neste convenio e a interlocutora coas respectivas unidades da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade no que atinxe aos aspectos técnicos de execución.

### **Décimo terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente**





Este convenio ten natureza administrativa, e rexerese polas súas propias cláusulas. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para entender dos litixios que puideran xurdir.

Queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.1. Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da consellería de Emprego e Igualdade, cuxa resolución poñen fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Décimo cuarta.- Autorización e publicidade**

A UDC autoriza á Consellería de Emprego e Igualdade a obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio ou nas posteriores addendas que se poidan asinar, sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno,





no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

### **Décimo quinta.- Protección de datos.**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

### **Décimo sexta.- Vixencia**

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2022.

Por acordo das partes e no Marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, este convenio poderá ser obxecto de prórroga.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.





Financiado pola Unión Europea  
NextGenerationEU



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE TRABAJO  
Y ECONOMÍA SOCIAL



Plan de Recuperación,  
Transformación  
e Resiliencia



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DE EMPREGO  
E IGUALDADE



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A conselleira de Emprego e Igualdade    O reitor da Universidade da Coruña (UDC)

M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza

Julio Ernesto Abalde Alonso





## ANEXO

### DETALLE DAS ACCIÓNS OBXECTO DO CONVENIO

(as epígrafes orientativas para os contidos formativos serán as determinadas polas unidades integrantes da coordinación previstas na cláusula décimo terceira deste convenio en base aos postos de traballo para os que se deseña a formación e a duración estimada en horas para a impartición deses contidos)

Nº entregable	Concepto	Produto entregable	Prazo de entrega orientativo (sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, apartado 3.)
Nº 1 e 2	Ferramentas dixitais e de innovación tecnolóxica para a alimentación e a biotecnoloxía 4.0. (sector alimentación e biotecnolóxico)	Ficha alta especialidade	31/05/2022
		Contidos formativos da especialidade	
Nº 3	O control da calidade e seguridade alimentaria na Industria 4.0 (sector alimentación e biotecnolóxico)	Ficha alta especialidade	31/05/2022
		Contidos formativos da especialidade	
Nº 4	Comercialización de produtos e experiencia de cliente no sector automoción (sector automoción)	Ficha alta especialidade	31/05/2022
		Contidos formativos da especialidade	
Nº 5	Prevención de riscos laborais na construción 4.0 (sector construción)	Ficha alta especialidade	30/06/2022
		Contidos formativos da especialidade	
Nº 6 e 7	Calidade e medio ambiente na construción 4.0 (sector construción)	Ficha alta especialidade	30/06/2022
		Contidos formativos da especialidade	
Nº 8 e 9	Ferramentas dixitais e innovación tecnolóxica para a arquitectura 4.0. (sector construción)	Ficha alta especialidade	31/07/2022
		Contidos formativos da especialidade	





Nº 10	Industria 4.0 no sector forestal e da madeira (sector madeira e forestal)	Ficha alta especialidade	31/07/2022
		Contidos formativos da especialidade	
Nº 11	Industria 4.0 en el sector metalmeccánico (sector metalmeccánico)	Ficha alta especialidade	30/09/2022
		Contidos formativos da especialidade	
Nº 12	Prevención de riscos laborais na industria 4.0 (sector metalmeccánico)	Ficha alta especialidade	30/09/2022
		Contidos formativos da especialidade	
Nº 13	Aplicación práctica das novas tecnoloxías no mecanizado (sector metalmeccánico)	Ficha alta especialidade	30/09/2022
		Contidos formativos da especialidade	
Nº 14	Prevención de riscos laborais na industria 4.0 (sector naval)	Ficha alta especialidade	31/10/2022
		Contidos formativos da especialidade	
Nº 15	Industria 4.0 no sector naval (sector naval)	Ficha alta especialidade	31/10/2022
		Contidos formativos da especialidade	
Nº 16	Telemedicina (sector saúde e benestar)	Ficha alta especialidade	30/11/2022
		Contidos formativos da especialidade	
Nº 17	Realidade aumentada (RA) e Realidade virtual (RV) aplicada a ensinanza da saúde (sector saúde e benestar)	Ficha alta especialidade	30/11/2022
		Contidos formativos da especialidade	

